

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 27/06/2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: **Dar conta da oferta presentada por TREMENDO AUDIO, S.L. (B56853062), para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do “Servizo de dúas actuacións do grupo Fillas de Cassandra con cargo ao programa +Música 2024” (Expte.-2024029903)**

Por Resolución Presidencial número 2024004479 de data 31/05/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “Servizo de dúas actuacións do grupo Fillas de Cassandra con cargo ao programa +Música 2024”.

Na citada resolución tamén se acorda invitar á empresa TREMENDO AUDIO, S.L. (B56853062) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o día 07/06/2024.

A empresa TREMENDO AUDIO, S.L. (B56853062) presentou a proposición con data 12/06/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento. A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	21.000,00 €
IVE (21 %)	4.410,00 €
Importe ofertado con IVE	25.410,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada pola empresa TREMENDO AUDIO, S.L. (B56853062) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do “Servizo de dúas actuacións do grupo Fillas de Cassandra con cargo ao programa +Música 2024”

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

(Documento firmado electrónicamente)

